


PEZA DO MES

xaneiro

2012



**UNHA PUNTA DE LANZA DO BRONCE
FINAL DE DOZÓN**




Unha punta de lanza do Bronce Final de Dozón

Unha peza particularmente interesante, aínda que esquecida, esta punta de pequenas dimensións (14,3 cm de longo, 3,4 de ancho. max. e 175 gr de peso) presenta folla de forma romboidal e enmangue tubular, longo en relación coa folla, cunha perforación circular, aínda que irregular, na súa base e na que no seu momento iría un remache que reforzase o encabamento do hastil da lanza. Como particularidades temos a carencia de nervadura na folla, que é substituída no reforzamento da mesma polo seu carácter macizo – o tubo do enmangue estréitase de xeito acusado no arrinque da folla ata perderse antes de chegar á punta e por unha aresta central que fai que a sección transversal sexa simple e de novo romboidal. Outra peculiaridade agora máis específica e aínda na conformación xeral da peza, é a tendencia á concavidade nos aleróns que definen a base da folla. Finalmente, mencionar a presenza de decoración, en forma de dúas liñas verticais paralelas que delimitan a aresta ou crista central da folla.

A tipoloxía, senón a mesma condición de punta de lanza –este tipo de arma só se constata, polo de agora, en Galicia a fins da Idade do Bronce, non deixan dúbidas en canto á contextualización cultural desta peza no marco do

Bronce Final do Noroeste (1200-700 a.C.). Forma parte, pois, duns dos núcleos máis ricos do que se vén chamando Bronce Atlántico, polo seu desenvolvemento no occidente atlántico europeo, e intégrase ó mesmo tempo nun dos conxuntos máis amplos e de marcada idiosincrasia dentro da metalurxia do Bronce Final da Península Iberica, como é o das puntas de lanza do Noroeste hispánico, das que por outra banda hai unha cumprida mostra no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Non obstante, as peculiaridades sinaladas permiten facer unha lectura máis ampla e con consecuencias interpretativas relevantes para o coñecemento da cultura e a metalurxia do Bronce Final en Galicia.

En primeiro termo, no que á súa adscrición tipolóxica se refire, non temos paralelos estritamente próximos máis que un exemplo case que idéntico, aínda que fragmentario, do castro portugués de San Juliao; un xacemento no que recentes traballos arqueolóxicos evidenciaron unha prolongada ocupación que acada nos seus primeiros tempos a todo o Bronce Final ca. 1200-800 a.C.), marco no que cabería inserir a peza en cuestión. Non obstante, esa ofrece unha característica, unha folla totalmente oca, que fala dunha tecnoloxía distinta a Dozón, pero tamén cunha identificación máis clara: a metalurxia tipo Willburton de orixe británica, e cunha datación ó redor do 1000 a.C. O que sinala tamén unha primeira contradición na peza de



Dozón, pois a falla de solución de continuidade entre tubo e folla identificaríaa con esa metalurxia, namentres que tecnoloxicamente resposta a unha tradición distinta.

En segundo lugar, e de novo incidindo nos trazos peculiares desta peza, atopamos que a decoración que presenta volvémosla a atopar noutra punta de lanza. Agora trátase dunha punta morfoloxicamente moi distinta, que presenta unhas grandes dimensións e unha tipoloxía de inicios do Bronce Final, que apareceu formando parte do acubillo de metais de Santo Estevo de Ribas de Sil, no que se asocia a unha espada pistiliforme, un pequeno colgante amorcelado e outra punta de lanza de dimensións semellantes á que tratamos aínda que con diferente morfoloxía, pero que de novo volve a mostrar a presenza da tecnoloxía tipo Willburton, como acontecía en San Juliao, o que de xeito indirecto a relaciona tamén coa de Dozón. Unha metalurxia na que se inscribe a propia espada e para a que agora contamos, ademais, cunha datación radiocarbónica obtida desa segunda punta de lanza, que de novo nos leva cara ó 1100-900 a.C.

Semella claro que os paralelos, próximos tanto no xeográfico como no tipoloxico, sitúan a nosa peza na plenitude do Bronce Atlántico, ou se se quer do Bronce final do Noroeste hispanico, ó redor do paso do II para o I milenio. Unha lectura na que redundan as outras puntas de lanza de bronce que, supostamente, proceden de Dozón. Unha

delas, tamén no Museo Arqueolóxico de Ourense e que se debe considerar polo seu reducido tamaño máis como punta de xavelina, presenta unha folla elíptica e un longo tubo de encabamento. Característica esta última que, como a decoración da que tratamos, faina máis arcaica, achegándoa a modelos de inicios do Bronce Final. A outra, hoxe no Museo de Pontevedra, presenta unha folla elíptica e un tubo curto que se estreita de xeito acusado ó chegar a folla, para converterse nunha estreita nervadura que acada o extremo da punta. Trátase de novo dunha forma tipicamente británica, onde se asocia ós conxuntos tipo Willburton, e que non obstante na península ten pouca incidencia máis alá do Noroeste, aínda que si aparece no importante conxunto de armas e uteis atopado na Ría de Huelva, con datacións próximas a Santo Estevo de Ribas de Sil, aínda que cunha metalurxia máis evolucionada e caracterizada polas chamadas espadas de lingua de carpa.

Ese grupo de pezas pola converxencia ou coetaneidade tecno-cultural e unha orixe xeográfica que, aínda que un tanto vaga, semella coincidente, ben puidesen formar parte en orixe dun mesmo contexto: un acubillo de armas de bronce, quizais só de puntas de lanza, como outros que aparecen ó longo do Noroeste, e como moitos deses atopado accidentalmente –polo xeral en relación a traballos no agro- e posteriormente separado polas condicións do achado –fortuíto e coa participación de máis dunha persoa, e tamén dispersado en razón das vicisitudes concretas que sufrirá cada unha das pezas. En definitiva, este grupo de puntas de lanza, teñen características que apuntan cara unha coetaneidade e mesmo relación directa coa metalurxia da plenitude do Bronce Final ou Bronce Final II, expresada a través da metalurxia británica tipo Willburton (nome derivado do acubillo epónimo co que se define na metalurxia do bronce británico esa etapa). Non obstante, ó mesmo tempo manifestan arcaísmos que nos levan á etapa anterior (Bronce Final I), no que puidera ser unha definición autóctona dos cambios que por ese momento están a acontecer na metalurxia.


Esta última valoración, a dun suposto peso de tradicións metalúrxicas temperas dentro do Bronce Final, é, sen dubida, unha das principais mensaxes que esta peza parece transmitirnos. O tubo longo, a perforación na base do mesmo, grande e irregular, e a decoración, apuntan nese senso. Tamén esa singular característica formal dos aleróns cóncavos lembran fórmulas aínda máis arcaicas e que se remontan ás orixes deste tipo de arma en tempos mesmo anteriores ó Bronce Final. Esa presenza expresada nunha peza que pola súa forma e os paralelos máis próximos, encádrase na plenitude do Bronce Final, por volta do tránsito entre os dous últimos milenios antes de Cristo, é un sinal de que a metalurxia do Bronce Atlántico en Galicia confórmasse xa nos primeiros momentos da mesma e adopta cedo unha forte personalidade fronte das outras rexións atlánticas, tanto da Península Ibérica, como do resto da Europa atlántica.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: José Suarez Otero.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

DEBUXOS: Paco Boluda. MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA